



Guillermo Brea González
Dolores Álvarez Pereira
Gabriel Sánchez Crespo

IES Francisco Sánchez (Tui)

ies.francisco.sanchez@edu.xunta.es



Avaliación da práctica docente

A autoavaliación do traballo docente resulta un elemento fundamental para a mellora da calidade educativa. O baixo rendemento académico deste centro foi o que impulsou ao equipo directivo a buscar fórmulas encamiñadas a conseguir un maior éxito escolar, manter o alumnado dentro do sistema educativo o meirande tempo posible e crear un ambiente agradable. A iniciativa contou co apoio de todo o profesorado e atinxiu a todos os departamentos.

O IES Francisco Sánchez da cidade tudense é un centro público de tamaño medio, duns 500 alumnos. Aínda que está asentado en plena zona urbana de Tui, recolle, sobre todo, alumnado das parroquias próximas de Rebordáns, Guillarei e Caldelas. As razóns que nos levaron a poñer en marcha un plan de avaliación da práctica docente foi o baixo rendemento acadado polo alumnado e a taxa de abandono escolar rexistrada. O primeiro que fixemos foi realizar unha serie de actividades programadas dentro das reunións mensuais da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do claustro. Con esta iniciativa pretendiamos coñecer con máis nitidez a realidade escolar na que viviamos e, deseguido, proñer as medidas correctoras que estivesen na nosa man e resolver as eivas detectadas.

Conscientes dos problemas que iamos atopar decidimos analizar en profundidade o contexto no que nos moviamos. En primeiro lugar, hai que dicir que nos vinte e cinco anos de existencia do centro nunca se fixera ningún exercicio de autoavaliación do profesorado. Con esta realidade de partida, formulamos os seguintes obxectivos:

- 1º. Impulsar no claustro mecanismos sinxelos de autoavaliación como ferramenta esencial de mellora. Cumpría ter moito tino ao presentar esta actuación, non como algo que se está a facer mal, senón como se pode facer mellor e acadar así resultados máis positivos para o alumnado e para o propio centro.
- 2º. Coñecer a tipoloxía do noso alumnado.
- 3º. Detectar eivas no noso desenvolvemento profesional.
- 4º. Adaptar, na medida do posible, a nosa oferta educativa para intentar paliar o referido no punto anterior.

Nun principio este estudo ía constar de tres fases: coñecemento do alumnado, análise da actuación docente por departamentos e implicación das familias no proceso educativo. Por motivos de funcionalidade e á vista de que nos resultaba imposible controlar dende o centro os factores da contorna social, cultural e económica das familias, decidimos fixarnos nos dous primeiros.

Estudo do alumnado

Para desenvolver esta fase elaboramos un fluxograma (véxase a fig. 1), que nacia no curso 2001/2002, no que aparecía o número total de matriculados en 1.º de ESO (47), e fómóslles “seguinte a pegada” curso por curso ata que remataron 4.º de ESO. Pódese ver que pasaron a 2.º de ESO 46 dos 47 alumnos, posto que a normativa vixente daquela non contemplaba a posibilidade de repetir en 1.º. A cifra negativa que aparece nos cadros de cor laranxa corresponde a alumnos que deixaron os seus estudos no centro. Entre 1.º e 2.º, e 2.º e 3.º, os tres alumnos que abandonan os seus estudos fano por traslados debido a causas familiares, pois non estaba permitido por lei que deixasen os estudos antes dos 16 anos. Como se pode observar, os alumnos que aparecen nos recadros da esquerda son os que van aprobando todo á primeira; as cifras que se poden ver á dereita son as que delatan as maiores eivas do centro.

Os datos presentados translocen, entre outros, os seguintes problemas:

- Os tres colexios de primaria adscritos a este centro envían moi pouco alumnado, tendo en conta que é de liña 3. Cando se realizou, hai tempo, o reparto dos colexios do concello, asignáronse ao outro instituto de Tui todos os centros da zona urbana, e as parroquias rurais da bisbarra (Rebordáns, Guillarei e Caldelas) adscribíronse ao Francisco Sánchez. Así pois, o despoboamento do rural é o primeiro problema que encaramos.

- Só un 27% (13 de 47) completa a etapa educativa de ESO á primeira, cifra que se complementa coa alta porcentaxe de repeticións de curso que se dan en case todos os niveis: un 52% de repetidores en 2.º de ESO, un 65 % en 3.º e un 88% en 4.º. A segunda cuestión coa que nos atopamos foi que o noso

alumnado ten serias dificultades para seguir os procesos educativos que lle corresponden por idade.

- Prodúcese unha altísima taxa de abandono escolar ao longo da etapa educativa. Se eliminamos os trasladados por cambio de matrícula que se producen en 1.º e en 2.º, temos que de 47 alumnos matriculados en 2001, 20 foron abandonando o centro ata finalizar o curso 2006/2007, un 42%.

- Tendo en conta a diversidade da oferta académica que ofrecemos (un bacharelato de ciencias, outro de tecnoloxía, ciclos medios de Comercio e de Electricidade e un ciclo superior de Xestión comercial e Mercadotecnia) chama atención o baixo número de alumnos que continúa os seus estudos nel: dos 47 iniciais, unicamente 8 se matriculan en bacharelato, 2 nun ciclo medio de Comercio e ningún no ciclo medio de Electricidade, cando os dous últimos serían a alternativa natural para moitos que non queren cursar bacharelato.

Para certificar a veracidade destas cifras e ver que non eran produto dunha promoción pouco afortunada, volvemos repetir o proceso e elaboramos un segundo fluxograma (véxase a fig. 2) cos que se matricularon en 1.º de ESO no curso seguinte 2002/2003. Os datos, como se pode comprobar, volven reflectir as mesmas eivas: pouco alumnado inicial, alta taxa de abandono escolar na etapa, baixa expectativa académica nas vidas escolares, practicamente nula inserción do alumnado do centro nos ciclos formativos de grao medio existentes no instituto. Era evidente que había un grave problema estrutural nesta comunidade educativa: as familias non valoraban adecuadamente os beneficios dunha preparación académica sólida e prolongada. Semellaba que se contentaban con que obtivesen a titulación mínima esixible no mellor dos casos.

Desta fase tiráronse algunhas propostas concretas: potenciar os reforzos educativos nos dous primeiros cursos de ESO coa creación dun agrupamento específico en 2.º, solicitar a concesión dun PDC de dous anos para abrir unha alternativa de titulación máis viable para moitos alumnos, reforzar o coñecemento dos ciclos que se imparten no centro con visitas guiadas do alumnado de 4.º de ESO e con charlas de Orientación, etc.

Análise da actuación docente e medidas adoptadas

Neste punto pretendiamos investigar se a figura do profesor tiña algo que ver no aparente desánimo dos nosos escolares. Para iso elaboramos vinte e tres gráficas cos datos de aprobados nos últimos seis anos por cada materia (véxase como exemplo a fig. 3 correspondente a Lingua Castelá). Cómpre dicir que eran datos procedentes das actas da avaliación final en xuño. Non incluímos os de aprobados nas convocatorias extraordinarias de setembro e de maio porque, co nivel de non presentados, distorsionaría claramente o resultado final. Acordamos previamente no grupo que para considerar que a liña de actuación de cada departamento era axeitada, debía alcanzar un mínimo de 50% de aprobados. Os resultados, agás en Inglés, estiveron na súa gran maioría por riba do nivel aceptable.

Cómpre sinalar, así mesmo, que nalgúns casos de materias optativas, ou con pouco alumnado, os resultados son extremadamente fluctuantes e non chegan a ser relevantes porque dependían en exceso de ter un grupo bo ou menos bo.

Unha vez que o equipo directivo presenta estes datos, os xefes de departamento debátenos nas súas reunións semanais co compromiso

de presentar, na seguinte xuntanza da Comisión de Coordinación Pedagóxica, propostas concretas de melloría, naqueles casos en que fose necesario.

A valoración da experiencia, tanto nas reunións pedagóxicas como nas do claustro, foi moi positiva. As xuntanzas nas que se expuxeron os resultados foron seguidas con grande interese polo profesorado a quen, dun xeito un tanto sorprendente, tamén lle agradou ver tan perfilada a súa práctica docente. Detectáronse graves eivas no apoio familiar e eivas menos graves no desenvolvemento do labor docente; para estas, propuxéronse algunhas alternativas ou medidas correctoras procedentes dos propios departamentos e que se poden resumir en:

1. No curso 2007/2008 aprobouse no claustro e no Consello Escolar a solicitude dun Programa de cualificación profesional inicial para tentar evitar o abandono escolar que se producía cando chegaban a 2.º de ESO con 16 anos. Ademais, estes novos programas teñen a vantaxe de que, cursando uns módulos voluntarios do 2.º ano, poden conseguir igualmente o título de graduado en secundaria. O resultado desta petición aínda está pendente de autorización por parte da Inspección Educativa.

2. A creación de agrupamentos específicos en 2.º de ESO, xa no curso 2003/2004, mellorou notablemente o rendemento académico do alumnado, porque o nivel esixido no novo grupo é máis axeitado ás súas capacidades, e tamén porque o grupo de referencia se libera de alumnado que, en xeral, obstaculizaba o normal progreso pedagóxico da clase.

3. No curso 2007/2008, logo de varios intentos fracasados, poñemos en práctica un PDC de dous

anos. Aínda é moi cedo para tirar conclusións sobre a efectividade desta medida.

O proceso de análise e comprobación dos primeiros resultados está sen pechar. Queda por comprobar se é ou non efectivo na concreción destas propostas. Cómpre ter en conta que, para ver frutificar un procedemento educativo, son necesarios varios cursos escolares. É evidente que para comprobar se son eficaces as medidas adoptadas, hai que complementar esta análise co seguimento do alumnado que comezou no 2003/2004 e remata no 2007/2008 e cursos seguintes. O tempo pasa a modo en educación.



Un centro capaz de reinventarse

A experiencia cambiou a paisaxe do centro, hoxe cunha vida interna máis intensa. O traballo e o esforzo percíbense agora máis compartidos e o profesorado definitivo asumiu o compromiso de rotar nos equipos directivos. Consequimos superar os medos e estamos convencidos de que pagou a pena.

Na actualidade, a oferta educativa é ampla e variada: ESO, bacharelato (Tecnolóxico e de Ciencias Sociais), PDC de 3.º e 4.º, agrupamentos específicos, unha aula de atención e integración de minorías, dous ciclos medios -de Electricidade e de Comercio- e un ciclo superior da familia de Administración. Ademais, en horario nocturno, conta con oferta modular dos ciclos medios e os tres niveis de Educación Permanente de Adultos. Un ambiente que lle dá ao centro un aspecto amable e tranquilo, sen perder o grao de dinamismo que cada día impulsa o profesorado a renovar medios e fórmulas para favorecer a integración de todo o alumnado na vida escolar.

Bibliografía

- AMADOR, L. e DOMÍNGUEZ, J. (Eds.) (1997) *Evaluación y calidad en la enseñanza*. Sevilla, UNED.
- GARCÍA RAMOS, J. M. (1989) *Bases pedagógicas de la evaluación*. Madrid, Síntesis.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA (1989) *Libro Blanco para la Reforma del Sistema Educativo*. Madrid, MEC.
- NIETO GIL, J. M. (1996) *La Autoevaluación del profesor*. Madrid, Editorial Escuela Española.
- POPHAM, W. J. (1982) *Problemas y técnicas de evaluación educativa*. Madrid, Anaya /2.
- TENBRINK, T. D. (1981) *Evaluación. Guía práctica para profesores*. Madrid, Narcea.



Alumnos matriculados no curso 2001/2002



Alumnos matriculados no curso 2002/2003





Porcentajes de aprobados nos últimos seis años

